

Nova Escola Galega avalía o uso das novas tecnoloxías no ensino

LA VOZ | SANTIAGO

■ Nova Escola Galega dedica o último número da *Revista Galega de Educación* a realizar unha avaliación da situación das novas tecnoloxías no ensino, e fornece un cedé con ferramentas para a creación de actividades didácticas.

O monográfico está coordinado por Xoán Carlos Albarellos Codesido, quen defende que o profesorado elabore os seus propios materiais de traballo nas aulas.

Nas máis de 160 páxinas desta publicación tamén hai un achegamento á realidade escolar e ás experiencias de traballo nas aulas con blogues ou coas pizarras dixitais.